

INFORME SOBRE A PROPOSTA DE PLAN ESTRATÉXICO PONTE DA FACULTADE DE FILOLOXÍA.

O 30 de novembro de 2020 recibíuse na Área de Calidade e Mellora dos Procedementos a proposta de Plan Estratéxico Ponte da Facultade de Filoloxía de conformidade co establecido na Resolución Reitoral de 7 de outubro de 2020 respecto aos instrumentos de planificación estratéxica da USC de cara aos procesos relacionados nos SGC dos Centros.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

De acordo coa guía que elaborou a Área de Calidade e Mellora dos Procedementos para adaptar o proceso PE-01 do Sistema de Garantía de Calidade ás especificidades derivadas da resolución reitoral xa sinalada no que atinxe á elaboración dos Plans estratéxicos ponte dos centros, a citada Área debe emitir un informe sobre a proposta de Plan para revisar a súa adecuación e congruencia ao instrumento vixente de planificación estratéxica da USC, que é a programación plurianual para o período 2019-2022.

Nesa guía concrétnanse as fases de elaboración do Plan, que son as seguintes:

- a análise da situación;
- a revisión das liñas o os obxectivos estratéxicos a seguir e,
- a elaboración e aprobación do acordo de prórroga do plan estratéxico.

INFORME:

Unha vez revisado o **Plan Estratéxico Ponte da Facultade de Filoloxía**, verifícase que a súa elaboración adaptouse á guía anteriormente sinalada e que o seu contido é congruente coas liñas da Programación Plurianual da USC, polo que se **informa favorablemente**.

Santiago de Compostela, 1 de decembro de 2020.

A xefe da Área de Calidade e Mellora dos Procedementos

José Manuel Villanueva Prieto

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: JOSE MANUEL VILLANUEVA PRIETO, XEFE DA AREA DE CALIDADE E MELLORA DE PROCEDEMENTOS, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 01/12/2020 10:12:59.

CSV: 7E20-DF19-4403-8455

Facultade de Filoloxía Plan Estratéxico Ponte

introdución
análise da situación actual da facultade
liñas estratéxicas, obxectivos e accións

Introdución

Este documento constitúe o Plan Estratéxico Ponte da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela para o período 2020-2022. Nel recóllense os obxectivos estratéxicos e as accións estratéxicas. A súa elaboración foi realizada polo Equipo Decanal da Facultade e a Comisión de Calidade do Centro. A Programación plurianual da USC (2019-2022) é o documento de referencia da nosa reflexión.

O Plan Estratéxico Ponte foi aprobado pola Comisión de Calidade do Centro na súa reunión do 30 de novembro de 2020. Foi informado positivamente pola Área de Calidade e Mellora dos Procedementos o 1 de decembro de 2020, aprobado pola Xunta de Facultade de Filoloxía o 11 de decembro de 2020 e pola Comisión de Calidade e Planificación do Consello de Goberno o 3 de marzo de 2021.

Este documento recolle unha reflexión acerca das forzas, debilidades, oportunidades e ameazas do Centro e recolle as principais liñas estratéxicas, cos seus obxectivos concretos, na xestión da Facultade de Filoloxía que afectan aos estudantes, profesores e persoal de servizo, administración do Centro e á sociedade en xeral.

Análise da situación actual da Facultade (misión, visión, valores, DAFO)

Unha das misións centrais da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela é a xeración e a transmisión de coñecemento nas áreas das linguas, literaturas e culturas. A Facultade ten a responsabilidade da formación de futur@s filólog@s que exerzan a súa profesión con competencias, espírito crítico e responsabilidade, capaces de afrontar os retos dunha sociedade en continuo cambio. Con tal propósito, a Facultade de Filoloxía comprométese coa consecución dos seguintes obxectivos:

- Apoio ao alumnado no seu itinerario formativo e na súa implicación nas actividades do Centro, ao PDI no seu labor docente e investigador e na súa formación, e ao PAS nas súas tarefas e formación.
- Condições óptimas para o desenvolvemento das actividades formativas e investigadoras (espazos, recursos, servizos).
- Incorporación da innovación docente, investigadora e tecnolóxica.
- Compromiso coas demandas sociais no ámbito da filoloxía.
- Implicación e integración no seu contorno social.

A Facultade de Filoloxía ten que ser un centro capaz de proporcionar unha formación integral cunha oferta de títulos atractiva, diversa, e con capacidade de adaptabilidade e flexibilidade en correspondencia coas demandas da sociedade que a sostén, apoia e finanza. A Facultade de Filoloxía aspira a ser recoñecida como un Centro de Excelencia pola súa solvencia académica e óptima preparación do seu alumnado, cunha ampla oferta de prácticas externas en empresas e de intercambios académicos nacionais e internacionais, pola súa actividade investigadora de

referencia e pola relevancia dos seus grupos de investigación. A Facultade de Filoloxía desexa ser un enclave próximo ao entorno social, centrado nas persoas, nas súas competencias e condicións de traballo e estudo; a comezar polo seu entorno inmediato e instalando como un principio animador do seu proxecto docente e investigador a transferencia de resultados e de coñecemento. Destacamos os seguintes valores principais da nosa planificación estratéxica: a responsabilidade social, a conciencia ambiental, a potenciación dos nosos sinais de identidade, o compromiso cunha xestión baseada no diálogo e a responsabilidade compartida, o compromiso coa equidade, a atención ás persoas con discapacidade e á igualdade de xénero; e a creación de comunidade e sentido comunitario como fortaleza para a cohesión do centro e mellor consecución dos seus obxectivos.

A identificación das debilidades, as ameazas, as fortalezas e as oportunidades constitúe un dos elementos clave do Plan Estratéxico Ponte e realizouse baseándose na Memoria do Centro e os autoinformes de seguimento dos títulos da Facultade.

Debilidades:

Escasos recursos para a docencia semipresencial (formación e material: cámaras, micrófonos, enchufes nas aulas).

Deficiencias en servizos/recursos no Campus Norte (falta servizo médico, infraestruturas viarias, apoio à investigación e servizos ao estudantado).

Centro con deficiencias nas instalacións (rede Wifi, ventilación, calefacción).

Envellecemento do PDI.

Falta de incentivos á calidade e excelencia docente e investigadora e á transferencia.

Carencia formativa do profesorado.

Escasa participación do PDI nos programas de mobilidade.

Baixa nota de PAU de acceso nalgún grao, sobre todo nos cortes relativos ao último cuartil de entrada.

Elevada taxa de abandono do TFG nalgún grao.

Complexidade dos horarios debido á ampla posibilidade ofrecida ao alumnado para a escolla dos distintos *maiors* e *minors*.

Baixa relación entre o perfil do egresado de grao e as demandas do mercado laboral.

Elevada carga lectiva do alumnado do grao.

Tamaño excesivo dos grupos de docencia expositiva.

Escasa proxección das actividades do Centro á sociedade do seu contorno.

Carga docente desequilibrada entre Áreas de coñecemento.

Deficiencias nas prestacións da biblioteca (horarios fins de semana, festivos, posibilidade de maior asesoramento e apoio técnico ás actividades discentes, docentes e investigadoras).

Pouca estruturación e optimización dos recursos humanos e dos postos de traballo do PAS.

Escasa participación do alumnado na organización e xestión do Centro e carencias na súa canalización.

Pouca flexibilidade para adaptarse ás innovacións científicas e tecnolóxicas disruptivas.

Fortalezas:

- Grande oferta de itinerarios e materias optativas de grao.
- Gran participación do alumnado en programas de mobilidade nacional e internacional.
- Ampla oferta de intercambios Erasmus+.
- Dotación da biblioteca.
- Elevada porcentaxe de profesorado estable, doutores, con dedicación a tempo completo.
- Grupos de investigación competitivos en diferentes áreas e captadores de importantes recursos.
- PAS con dedicación a tempo completo experimentado e implicado.
- Difusión da información (a través da web, das redes sociais, etc.).
- Satisfacción global dos estudantes egresados.
- Vocación participativa de importantes sectores do estudantado.
- Ampla oferta de prácticas externas.
- Boa estrutura e funcionamento das Comisións do Centro.
- Aceptación e receptividade social de casos de transferencia e de experiencias de Aprendizaxe por Servizos e por Proxecto.
- Emprendedorismo en determinados grupos de investigación.
- Innovación relevante dos grupos de investigación nas súas liñas.
- Relevantes relacións internacionais de diversos grupos de investigación.

Ameazas:

- Multiplicación da oferta de estudos (mapa de titulacións).
- O aumento de universidades que ofrecen formación de carácter non presencial.
- O deterioro da situación socio-económica e as saídas laborais dos titulados.
- Os recortes nas políticas públicas en educación e o escaso financiamento da universidade por parte das institucións públicas (taxa de reposición e de promoción do PDI, investigación).
- Burocratización excesiva.
- Aumentos dos trámites administrativos (PDI).
- Distanciamento da demanda social, desprestixio dos estudos.
- Pouca flexibilidade para a adaptación ou mellora da oferta formativa regrada.

Oportunidades:

- Prestixio da Universidade Santiago de Compostela e da cidade: vantaxe para atraer acontecementos internacionais, para promover a mobilidade.
- A Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal, con máis de 6 millóns e medio de habitantes, é un espazo de grande interacción socio-económica e tamén cultural e educativa, cun forte potencial no que di respecto ás conexións interuniversitarias. Colaboración entre universidades da SUG (mestrados interuniversitarios).

Reflexión obrigada pola crise sanitaria, adaptación, renovación, actualización.

Necesidade de recuperar e mellorar por parte da sociedade e da universidade as súas relacións con abertura de novos espazos de comunicación e cooperación.

Eixes, liñas estratéxicas, obxectivos e accións

Os eixes e liñas estratéxicas corresponden aos da Programación plurianual da USC (2019-2022):

EIXES E LIÑAS ESTRATÉXICAS	
1. Centrar a atención no estudiantado	> 1.1 Fomentar a dimensión integral na educación
2. Comprometerse co persoal	> 2.1 Desenvolver un programa de formación do persoal > 2.2 Fomentar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal
3. Poñerse ao servizo da sociedade	> 3.1 Integrar os campus nas cidades > 3.2 Potenciar o uso da lingua galega en todos os ámbitos > 3.3 Profundar na cultura da transparencia
4. Situar o coñecemento da USC na vangarda	> 4.1 Reforzar os servizos de apoio á docencia e á investigación
5. Proxectar a USC polo mundo	> 5.1 Favorecer a mobilidade das persoas
6. Xestionar os recursos de forma intelixente	> 6.1 Optimizar o uso das infraestruturas

LIÑA ESTRATÉXICA 1.1

Centrar a atención no estudiantado. Fomentar a dimensión integral na educación.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

1. Potenciar as competencias para a empregabilidade adiantándose ás necesidades que a sociedade demande dos futuros profesionais.
2. Promover os comportamentos éticos no desempeño formativo.
3. Consolidar as metodoloxías innovadoras, como a aprendizaxe-servizo, orientada ás aprendizaxes e á solución de problemas sociais.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.1.1

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

A. Organización de obradoiros de empregabilidade on line.

Responsable: Equipo decanal.

Inicio 09/2020 - Finalización 12/2022.

Indicadores/evidencias: Participación do alumnado nos obradoiros. Enquisas de satisfacción alumnado/egresad@s.

B. Elaboración da nova normativa TFG e programas da materia (impulsando competencias específicas).

Responsable: Comisión de Títulos de Grao / Comisión de TFG / Comisións de Título de Grao.

Inicio 09/2020 - Finalización 06/2021.

Indicadores/evidencias: Enquisas TFG. Normativa TFG. Programas da materia.

C. Proporcionar ferramentas (metodolóxicos, tecnolóxicos) para realización de traballos académicos e de investigación.

Responsable: Equipo decanal / Grupo de traballo Filotic.

Inicio 09/2021 - Finalización 06/2022.

Indicadores/evidencias: Participación alumnado. Actividades de difusión e de formación. Enquisas de satisfacción.

D. Fomentar a participación do alumnado naquelas actividades que se consideren relevantes para complementar a formación recibida nas aulas (cursos de formación, actividades socioculturais) e nas actividades de transferencia organizadas polo centro ou grupos.

Responsable: Equipo decanal.

Inicio 09/2020 - Finalización 12/2022.

Indicadores/evidencias: Participación alumnado nas actividades. Enquisas de satisfacción.

E. Promover comportamentos proactivos impulsando a participación do alumnado nas distintas comisións.

Responsable: Equipo decanal.

Inicio 09/2020 - Finalización 12/2022.

Indicadores/evidencias: Participación alumnado. Actividades de difusión e comunicación.

F. Difundir información sobre ofertas laborais entre os/as egresados/as.

Responsable: Equipo decanal.

Inicio 09/2020 - Finalización 12/2022.

Indicadores/evidencias: Enquisas satisfacción. Actividades de difusión.

G. Abrir espazos de participación formal, non formal e informal, responsabilidade e cocreación (actividades sociais e culturais compartidas co PDI e PAS, no seu caso, transferencia, mellora da docencia).

Responsable: Equipo decanal.

Inicio 09/2020 - Finalización 12/2022.

Indicadores/evidencias: Actividades realizadas.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.1.2

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

A. Organización obradoiros TFG (propiedade intelectual, ferramentas) on line.

Responsable: Equipo decanal/ Lector@s.

Inicio 09/2020 - Finalización 06/2022.

Indicadores/evidencias: Participación alumnado. Enquisas TFG.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 1.1.3

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

A. Fomentar a aprendizaxe por servizo e por proxecto.

Responsable: Equipo decanal.

Inicio 09/2020 - Finalización 06/2022.

Indicadores/evidencias: Formación. Enquisas de satisfacción.

LIÑA ESTRATÉXICA 2.1

▼
Comprometerse co persoal. Desenvolver un programa de formación do persoal

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

1. Ampliar un programa de formación para PAS que permita adquirir novos coñecementos e destrezas e facilite a súa promoción profesional e a consolidación de emprego.
2. Definir os contidos do programa de formación e innovación docente para incluír a formación noutros eidos da actividade do PDI.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.1.1 / 2.1.2

ACCIONS ESTRATÉXICAS

A. Organización polo grupo de traballo Filotic de obradoiros para PAS, PDI e alumnado (formación nas novas ferramentas tecnolóxicas).

Responsable: Equipo decanal /Grupo Filotic.

Inicio: 03/2020 - **Finalización** 12/2022.

Indicadores/evidencias: Obradoiros realizados. Participación. Enquisas de satisfacción.

B. Creación dun grupo de voluntarios/as /titores/as para resolver problemas puntuais relacionados coas novas tecnoloxías (PAS, PDI, alumnado). Mentorización.

Responsable: Equipo decanal/Grupo Filotic.

Inicio: 09/2020 - **Finalización** 12/2022.

Indicadores/evidencias: Participación. Enquisa de satisfacción.

LIÑA ESTRATÉXICA 2.2

Comprometerse co persoal. Fomentar a conciliación da vida laboral, familiar e persoal.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

1. Atinxir unha conciliación da vida laboral, familiar e persoal.
2. Introducir a flexibilidade horaria.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.2.1

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

A. Creación dun grupo de traballo Horarios para establecer criterios na elaboración dos horarios docentes, que facilite un mellor desenvolvemento da actividade discente do estudantado.

Responsable: Equipo decanal.

Inicio: 09/2020 - Finalización 06/2021.

Indicadores/evidencias: Horarios docentes curso 2021/2022.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 2.2.2

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

A. Facilitar o traballo telemático e reorganización de horarios a quen o precisar

Responsable: Equipo decanal.

Inicio 09/2020 - Finalización 12/2022.

Indicadores/evidencias: Enquisas de satisfacción. Horarios. Traballo telemático.

LIÑA ESTRATÉXICA 3.1

Poñerse ao servizo da sociedade. Integrar os Campus nas cidades

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

1. Incidir no tecido produtivo e social da área de influencia dos Campus.
2. Integrar os Campus nas cidades e compartir recursos e infraestruturas entre a USC e as cidades que acubillan os Campus.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.1.1/3.1.2

ACCIÓNNS ESTRATÉXICAS

A. Emprender un programa de acción estábel, con apoio e asesoramento do Consello consultivo de dinamización e cooperación social, a comezar polo bairro e a cidade, entedendo a facultade e os seus recursos como parte da sociedade en que se insere. Incluir nel os grupos de investigación e o fomento de aprendizaxes por servizos e proxectos na actividade docente.

Responsable: Equipo decanal.

Inicio: 09/2020 - Finalización 12/2022.

Indicadores/evidencias: Programa de dinamización e cooperación social.

LIÑA ESTRATÉXICA 3.2

Poñerse ao servizo da sociedade Potenciar o uso da lingua galega en todos os ámbitos

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

1.Potenciar o papel da USC como axente dinamizador da lingua galega na sociedade.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 3.2.1

ACCIÓNNS ESTRATÉXICAS

A. Impulsar papel da comisión de normalización lingüística como órgano asesor.

Responsable: Equipo decanal. Comisión de Normalización Lingüística.

Inicio: 09/2020 - **Finalización** 12/2022.

Indicadores/evidencias: Actividades de asesoramento.

B. Fomentar a creatividade do alumnado, desenvolver a súa capacidade de expresión en lingua galega (por exemplo premio Mazarelos).

Responsable: Equipo decanal. Comisión de Normalización Lingüística.

Inicio: 09/2020 - **Finalización** 12/2022.

Indicadores/evidencias: Actividades organizadas.

LIÑA ESTRATÉXICA 3.3

Poñerse ao servizo da sociedade. Profundar na cultura da transparencia.

¡OBJECTIVOS ESTRATÉXICOS

- 1.Desenvolver o portal de transparencia.
- 2.Mellorar a presentación da información institucional.

OBJECTIVO ESTRATÉXICO 3.3.1

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Revisión, actualización da páxina web e outras redes sociais.
Responsable: Equipo decanal.
Inicio: 09/2020 - Finalización 12/2022.
Indicadores/evidencias: Páxina web da Facultade e outras canles de difusión.
- B. Crear a figura responsábel da páxina web da Facultade.
Responsable: Equipo decanal.
Inicio: 09/2020 - Finalización 12/2020
Indicadores/evidencias: Páxina web da Facultade.

OBJECTIVO ESTRATÉXICO 3.3.2

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

- A. Adaptación da publicación de actos á lexislación de protección de datos.
Responsable: Equipo decanal. Xestora do Centro.
Inicio: 09/2020 - Finalización 12/2022.
Indicadores/evidencias: Publicación, difusión de información.

LIÑA ESTRATÉXICA 4.1

Situar o coñecemento da USC na vangarda. Reforzar os servizos de apoio á docencia e á investigación.

¡OBJECTIVOS ESTRATÉXICOS

1. Mellorar a oferta de servizos xerais, de infraestruturas e servizos de apoio á investigación

OBJECTIVO ESTRATÉXICO 4.1.1

ACCIONES ESTRATÉXICAS

A. Impulsar unha reforma administrativa que permita un mellor apoio á docencia, á investigación e á transferencia.

Responsable: Equipo decanal.

Inicio: 09/2020 - Finalización 12/2022.

Indicadores/evidencias: Organización administrativa na Facultade.

B. Elaborar un plan conxunto de asesoramento e apoio técnico da Biblioteca ás actividades discentes, docentes e investigadoras.

Responsable: Equipo decanal.

Inicio: 09/2020 - Finalización 12/2022.

Indicadores/evidencias: Actividades de comunicación. Enquisas satisfacción.

C. Potenciar a interrelación entre grupos da facultade e doutros centros, para aumentar a potencialidade investigadora e de transferencia do centro.

Responsable: Equipo decanal.

Inicio: 09/2020 - Finalización 12/2022.

Indicadores/evidencias: Actividades de comunicación. Enquisas de satisfacción.

LIÑA ESTRATÉXICA 5.1

1. Proxectar a USC polo mundo Favorecer a mobilidade das persoas.

¡OBJECTIVOS ESTRATÉXICOS

1. Potenciar a mobilidade de estudiantado, PDI e PAS.

OBJECTIVO ESTRATÉXICO 5.1.1

ACCIÓNNS ESTRATÉXICAS

A. Elaborar mapa das universidades coas que se manteñen relacións académicas, mellorar a difusión da información.

Responsable: Equipo decanal.

Inicio: 09/2020 - **Finalización** 12/2022

Indicadores/evidencias: Datos de mobilidade

B. Alicerzar os vínculos co SUG e Universidades do Norte de Portugal.

Responsable: Equipo decanal.

Inicio: 09/2020 -**Finalización** 12/2022.

Indicadores/evidencias: Datos de colaboración.

LIÑA ESTRATÉXICA 6.1

Xestionar os recursos de forma intelixente. Optimizar o uso das infraestruturas

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

1. Resolver as deficiencias estruturais dos centros docentes.
2. Adecuar os espazos docentes ás necesidades actuais do estudiantado.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 6.1.1

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

A. Analizar e propoñer accións con respecto ás necesidades de infraestrutura a aportar á Xerencia (reformular Salón de Actos, problemas de ventilación/ humidade no edificio, Campus Norte: paneis, acceso ao Centro, aparcadoiro -coches/bici-, iluminación).

Responsable: Equipo decanal.

Inicio: 09/2020 - Finalización 12/2022.

Indicadores/evidencias: Obras realizadas.

B. Impulsar a dotación de servizos de refeccións, de lecer e deportivos ao centro/campus norte.

Responsable: Equipo decanal.

Inicio: 09/2020 - Finalización 12/2022.

Indicadores/evidencias: Obras realizadas.

OBXECTIVO ESTRATÉXICO 6.1.2

ACCIÓNS ESTRATÉXICAS

A. Aumentar cobertura da rede sen fíos.

Responsable: Equipo decanal.

Inicio: 09/2020 - Finalización 12/2022.

Indicadores/evidencias: Superficie con cobertura. Punto WIFI.

B. Aumentar equipamento das salas de aula (cámaras, micrófonos).

Responsable: Equipo decanal.

Inicio: 09/2020 - Finalización 12/2022.

Indicadores/evidencias: Número de salas equipadas.

